

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A
ASOCIACIÓN “RENACER” PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE
INCORPORACIÓN SOCIAL A PACIENTES CON TRASTORNOS ADICTIVOS.
PROGRAMA DE ATENCIÓN XURÍDICO SOCIAL.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formaliza o día 30.03.2017 coa Asociación “RENACER” de Ribeira o instrumento convencional arriba referido con vixencia dende día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O desenvolvemento, por parte da asociación “RENACER” de Ribeira, de programas de incorporación social de trastornos adictivos, sendo a devandita entidade a responsable técnica e administrativa de xestión do programa obxecto deste convenio.

Desenvolveranse programas no ámbito da incorporación social a través do Programa de Atención Xurídico Social (PAXS) que deberá ser dirixido á atención integral das persoas con trastornos adictivos e problemática legal engadida, prestando axuda técnica a xuíces e fiscais sobre a realidade social e persoal, así como ao persoal asistencial e familias.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Para o cumprimento deste convenio, o Servizo Galego de Saúde comprométese a achegar a cantidade de catorce mil cento corenta e tres euros (14.143,00) consignada nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o

ano 2017.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e integrará medidas encamiñadas á incorporación social dos problemas derivados dos trastornos adictivos.

Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, a través da Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial é a responsable de coordinar a elaboración dos obxectivos de incorporación social, asumindo as funcións que lle asignan ao Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas no Decreto 254/1997, do 10 de setembro, polo que se procede á creación do Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas, así como a colaborar na implantación e seguimento de programas de reinserción de pacientes drogodependentes que se leven a cabo na Comunidade Autónoma.

A asociación “RENACER” de Ribeira é unha entidade privada sen ánimo de lucro que desenvolve programas de incorporación social de drogodependencias prioritariamente nos ámbitos social, xurídico e laboral.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 30 de marzo de 2017